



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Marzo 2017

Santiago de Compostela, 05 de maio de 2017


Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Marzo 2017

- O índice de producción industrial de Galicia rexistrou en marzo de 2017 un retroceso do 2,9% con respecto a marzo de 2016, mentres que a nivel nacional creceu un 9,0%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo e os bens intermedios creceron un 6,3% e 6,1% respectivamente; pola contra os bens de equipo e a enerxía decreceron un 0,9% e 27,4% respectivamente.
- Por ramas de actividade as maiores achegas positivas corresponden á “fabricación de produtos metálicos” que suma 1,6 puntos, a “confección de roupa de vestir”, a “industria da madeira e da cortiza” e a “industria da alimentación” que achegan 0,7 puntos, cada unha delas, á taxa interanual.
- Polo contrario, entre as que mostran maiores achegas negativas destacan a “producción de enerxía eléctrica” que resta 5,8 puntos, e a “fabricación doutro material de transporte” que resta 1,4 puntos.

Índice de producción industrial (IPI). Marzo 2017

Taxa de variación do índice xeral e achegas dos compoñentes en %



	Índice	VARIACIÓNS (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	96,8	-2,9	-3,0
Bens de consumo	120,6	6,3	4,8
Bens de equipo	73,9	-0,9	-4,6
Bens intermedios	103,9	6,1	2,3
Enerxía	92,5	-27,4	-15,8

1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de marzo de 2017 en Galicia acadou unha taxa interanual do -2,9%, mellorando en 6,5 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (-9,3%). En España rexistrouse un incremento do 9,0%, mellorando en 10,6 puntos a taxa acadada no mes anterior (-1,6%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 6,3%, o que suma 1,7 puntos á taxa interanual do conxunto.
- Os **bens de equipo** rexistran un retroceso do 0,9%, o que resta 0,2 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** aumentan un 6,1% cunha repercusión positiva de 1,7 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que baixa un 27,4% e resta 6,1 puntos á taxa de variación interanual.

Comparando cos crecementos interanuais de febreiro de 2017, por destino económico, os bens de consumo melloran 6,6 puntos, os bens de equipo melloran 13,8 puntos, os bens intermedios melloran 11,3 puntos e a enerxía cae 9,5 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

As ramas que presentan as maiores achegas negativas á taxa interanual de marzo foron: a “produción de enerxía eléctrica” que resta 5,8 puntos, e a “fabricación doutro material de transporte” que resta 1,4 puntos.


No que respecta ás repercusións positivas (5,6 puntos) de 15 ramas, entre as que destacan a “fabricación de produtos metálicos” que suma 1,6 puntos e a “confección de roupa de vestir”, a “industria da madeira e da cortiza” e a “industria da alimentación” que achegan 0,7 puntos, cada unha delas, á taxa interanual.

3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes moveuse entre o 14,2% de Cataluña e o -4,3% de Castilla y León. Ademais de Cataluña, presentan crecementos interanuais superiores á media estatal: Murcia e País Vasco (13,5%), Comunitat Valenciana (12,7%), Navarra (12,6%), Cantabria (11,9%) e Madrid (10,1%),


IPI marzo 2017

Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa TRAMO-SEATS do Banco de España.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C, D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de producción industrial. Marzo 2017

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)		REPERCUSIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	96,8	-2,9	-3,0	--	--
Bens de consumo	120,6	6,3	4,8	1,7	1,2
Bens de equipo	73,9	-0,9	-4,6	-0,2	-1,0
Bens intermedios	103,9	6,1	2,3	1,7	0,6
Enerxía	92,5	-27,4	-15,8	-6,1	-3,8
España					
Xeral	107,4	9,0	4,9	--	--
Bens de consumo	106,7	10,6	3,7	2,9	1,0
Bens de equipo	120,6	12,5	5,2	2,8	1,2
Bens intermedios	110,4	12,5	7,3	4,0	2,3
Enerxía	88,8	-4,3	2,1	-0,8	0,4

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Marzo 2017

Ramas	VARIACIONES (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	-2,9		-3,0		
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire	-29,4	-5,8	-19,6	-4,2	14,7
Fabricación doutro material de transporte	-41,5	-1,4	-37,8	-1,3	6,7
Outras industrias extractivas	-14,3	-0,1	-17,7	-0,1	1,7
Fabricación de material e equipamento eléctrico	-9,1	-0,1	0,9	0,0	1,2
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-4,4	-0,1	-5,2	-0,1	3,2
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-0,4	0,0	-5,8	-0,3	4,5
Industria téxtil	-3,2	0,0	-8,0	0,0	0,2
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	-0,1	0,0	-0,2	0,0	11,4
Fabricación de mobles	3,7	0,1	3,8	0,1	1,6
Outras industrias manufactureiras	21,3	0,1	1,3	0,0	0,4
Industria química	5,8	0,1	8,3	0,2	1,5
Fabricación de bebidas	3,3	0,1	2,4	0,1	3,6
Industria do papel	14,6	0,2	2,5	0,0	1,8
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	9,5	0,3	2,6	0,1	3,5
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	10,2	0,4	0,7	0,0	5,0
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	32,2	0,5	25,8	0,3	2,1
Industria da alimentación	4,9	0,7	2,1	0,3	12,1
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	16,3	0,7	10,2	0,4	3,8
Confección de roupa de vestir	11,6	0,7	13,3	0,7	5,3
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	22,4	1,6	8,6	0,6	8,7
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Industria do tabaco	-	-	-	-	-

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Marzo 2017

CCAA	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	107,4	9,0	4,9
Galicia	96,8	-2,9	-3,0
Andalucía	97,9	7,8	4,4
Aragón	104,9	5,6	4,4
Asturias	96,3	-0,9	4,4
Baleares (Illes)	86,0	1,7	5,8
Canarias	95,4	6,9	2,6
Cantabria	108,5	11,9	10,9
Castilla - La Mancha	98,2	7,9	4,7
Castilla y León	106,6	-4,3	-1,8
Cataluña	119,2	14,2	7,0
Comunitat Valenciana	121,0	12,7	5,5
Extremadura	84,3	3,8	10,7
Madrid	99,1	10,1	5,0
Murcia	94,8	13,5	10,5
Navarra	111,0	12,6	10,0
País Vasco	110,1	13,5	5,9
Rioja (La)	94,3	-0,1	-1,9

Fonte: INE